

A palabra que nos salva. O poeta

Temos a verba, amor,
para dicir: abril.

A poesía ocupou un lugar especial no corazón de Cunqueiro. Nos anos trinta foi poeta vangardista e publicou tres libros baixo a influencia do surrealismo, o neopopularismo e o neotrobadorismo. Estaba considerado o mellor poeta da súa xeración.

Tras 1936, o xornalista e o prosista relegan o poeta a un segundo plano. Malia que nunca deixou de escribir poesía, publicou con pouca regularidade: nos seus textos non seguía a moda social-realista do momento.



Aquilino Iglesias Alvariño



Fragmento autógrafo de Cunqueiro




Luís Pimentel

“A súa poesía trae sempre para min... craridades que me axudan e reconfortan”.



Na fanada escolma de poesía galega que proxectaba Xosé Filgueira Valverde en 1935, Cunqueiro quería ir ao lado de Aquilino Iglesias Alvariño e Luís Pimentel

“De non ser por Pimentel, quizais nunca tería publicado unha liña”.

Debuxo de Álvaro Cunqueiro enviado a Luís Seoane (1936)



Cunqueiro foi asiduo tradutor de poesía e o poeta alemán Hölderlin foi un dos seus predilectos



En 1981, coa publicación do volume de poesía da *Obra completa en galego*, a literatura galega redescobre o poeta. O libro, que inclúe os poemarios da guerra e o seu novo libro en décadas, *Herba aquí e acolá*, converterase en referente para as xeracións vindeiras: o momento do culturalismo chegara



No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Un poeta esquece os días de chuvia

A Luís Pimentel

Cando estercada a terra con mármol,
—agás que prefirades que a grade
rañe con seus dentes paxaros, rosas, loiros cabelos,
bocas recién bicadas.

Son os grandes días do sol:
a terrá está deitada nos seus xionllos
coma un gran pan de cinza.
O home escusa unha pucharca nos seus ollos
i-ensúmese no sono ou na morte.

Quén diferencie un melro dunha area
—unha fía de roxa e murcha seda no áer
do ledó cantar do melro é o que resta.
Por onde os ríos foron, os bois, o sol de guía,
erguen espesas poeiras amarelas.
Solenemente escuros,
antigos mendiños moídos polos croios do camiño
tenden as mans ó pó.
Os donos de vasos contempran a súa inútil riqueza
coma un pecado segredo.
O que dunha nuben se lembre, ise morrendo está.
Todo pende en que un poeta esqueza os días
en que chovía no mundo.

Aturuxo 10, 1960